



## **Concello de Viveiro**

---

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO**

### **SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA SETE DE NOVEMBRO DE 2016.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA  
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL  
D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ  
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 7 de novembro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia a concelleira D<sup>a</sup>. Lara Fernández Fernández-Noriega, así como a interventora D<sup>a</sup>. María Rosa Abelleira Fernández.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

#### **1.- LICENZAS URBANÍSTICAS**



## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE 1794/2016. ANA MARIA PÉREZ RIVAS.- LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por D<sup>a</sup>. Ana María Pérez Rivas para a realización de REHABILITACIÓN DE VIVENDA FAMILIAR DE PLANTA BAIXA E ALTA E FACER PECHE DE PARCELA, no solar situado no LG. SANTEIRA - GALDO, desta localidade, con referencia catastral 000701000PJ13A0002IZ.

Visto que, segundo se desprende do informe xurídico, constan no expediente os seguintes antecedentes:

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Xustificante do aboamento dos tributos municipais.
- Proxecto de execución para rehabilitación de vivenda asinado polo arquitecto José Diaz Lopez, visado polo COAG o 18 de marzo de 2015 co numero 1501477 e oficio de dirección facultativa a favor do mesmo arquitecto; autorización da Comunidade Autonoma de fecha 4 de xaneiro de 2016 para a rehabilitación da vivenda ao amparo do artigo 41 da LOUGA, e da Deputación Provincial de Lugo, de fecha 10 de xuño de 2016.
- Memoria e documentación gráfica para peche de parcela con muros de bloques de formigón, de malla metálica e actuación en muro de pedra existente; e resolucións da Deputación Provincial de Lugo de 10 de xuño de 2016 autorizando ditas actuacións.
- En cumprimento co disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, emitíuse informe técnico en sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización das actuacións antes sinaladas.
- De conformidade co artigo 13.2 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o Desenvolvemento e Aplicación da Lei do Solo de Galicia, constan no expediente informes e/ou autorizacións das Administracións afectadas sobre os aspectos da súa competencia.

Visto que consta no expediente o preceptivo informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal, no que se sinala que a clasificación do solo segundo a OUP é solo rústico especialmente protexido. Ordenanza de aplicación 9. Para as obras a realizar preséntase un proxecto de Rehabilitación de vivenda unifamiliar existente. As modificacións propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Preséntase unha memoria valorada para o peche de parcela, consistente na rehabilitación e reforma dun muro de pedra existente, na construción dun peche de malla metálica e doutro de bloque con celosía. As obras contan coa autorización autonómica por tratarse de obra en solo rústico. Trátase de obras de rehabilitación de edificación existente de carácter tradicional. Dáse cumprimento ao disposto no lei 2/2016 de Solo de Galicia no artigo 40 referido a edificacións existentes de carácter



## Concello de Viveiro

---

tradicional en solo rústico. Mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria. Segundo se sinala no informe técnico as obras ao afectar aos terreos comprendidos na área de afección, requirirán, en todo caso, expresa autorización do órgano competente da Administración titular da estrada, CP\_66\_02. Serán de aplicación as condicións establecidas nas autorizacións da Deputación de Lugo, Vías e Obras. Engádesse que constan no expediente as seguintes autorizacións:

- Autorización da **Deputación Provincial de Lugo, Vías e Obras** con data 10 de xullo de 2016, referida a obras de rehabilitación da vivenda.
- Autorización da **Deputación Provincial de Lugo, Vías e Obras** con data 10 de xullo de 2016, referida a peche de parcela cunha lonxitude de 65,87 m.
- Autorización da **Deputación Provincial de Lugo, Vías e Obras** con data 10 de xullo de 2016, referida a derribo de parte dun muro existente, conservación e rehabilitación do murestante e construción dunha rampla de acceso.

Sinala así mesmo o arquitecto municipal no seu informe que o arquitecto D. José Díaz López, arquitecto redactor do proxecto, fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

-A licenza urbanística ten por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo especificados no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Entre tales actos, a letra a) do precepto citado menciona os actos que precisen de proxecto de obras consonte a normativa xeral de ordenación da edificación. E conforme dispón o artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, requiren de proxecto as intervencións sobre os edificios existentes, sempre e cando teñan carácter de intervención total no mesmo.

- O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística é o seguinte:

A. Presentada solicitude de licenza urbanística por Dona ANA MARIA PEREZ RIVAS, á que se fixo achega da documentación esixida pola normativa vixente (artigo 143,3 da Lei 2/2016), fanse precisos, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da mesma Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística; facendose constar, no referido informe técnico, se fose necesario algún outro informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma, de forma tal que, de ser precisos aqueles, o Concello remitiralles o expediente para que emitan informe en

## Concello de Viveiro

---

materia das súas competencias; informes todos eles que deberán constar no procedemento que nos ocupa con carácter previo á concesión da licenza.

B. Emitidos os informes preceptivos, e previo informe-proposta de resolución, corresponderá á Alcaldía, como órgano competente en aplicación do previsto no artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril; Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 13 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o Desenvolvemento e Aplicación da Lei do Solo de Galicia, resolver sobre o outorgamento da licenza.

C. Na Resolución da licenza deberán facerse constar os seguintes extremos esixidos no artigo 17 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, de aplicación como consecuencia da Disposición Transitoria Oitava da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, antes citado, a saber:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.
- Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos.
- Cantidade en que se presupostan as obras.
- Situación e emprazamento das obras.
- Nome ou razón social do promotor.
- Técnico autor do proxecto e Director das obras.
- Prazos para o inicio e a terminación das obras.

D. A Resolución de Alcaldía será notificada ós interesados na forma esixida pola normativa en materia de procedemento administrativo común, contando o órgano municipal competente cun prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

E. Aos efectos da resolución do procedemento que nos ocupa a concesión da licenza urbanística correspondente terá que ter en conta o réxime de prelación entre a mesma e as outra licenzas ou autorizacións que resulten esixibles. Do mesmo xeito, terá que terse en conta a imposibilidade de conceder a presente licenza urbanística sen terse acreditado previamente o outorgamento, por parte da Comunidade Autónoma, das autorizacións en materia medioambiental ou de protección do patrimonio histórico-cultural que resultasen precisas.

- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias e outros títulos administrativos, determinando que:

1. Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante



## **Concello de Viveiro**

---

2. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia

3. No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela

4. Non se poderá presentar a comunicación previa nin concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

-Conforme dí o artigo 143,1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, as licencias outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que sexan contrarias á ordenación territorial ou urbanística.

- Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente a previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei do solo de Galicia, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

Conclúe a técnico xurídico no seu informe, que vistos os antecedentes do expediente, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D<sup>a</sup>. Ana Maria Pérez Rivas, a licenza urbanística solicitada para a realización de obras de REHABILITACIÓN DE VIVENDA FAMILIAR DE PLANTA BAIXA E ALTA E FACER PECHE DE PARCELA, no solar situado no LG. SANTEIRA - GALDO, desta localidade, con referencia catastral 000701000PJ13A0002IZ, de acordo coas seguintes determinacións:

A) As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de planeamento vixentes na localidade, debéndose respectar a máis o establecido no Plan ou estudo de seguridade aportado.



## **Concello de Viveiro**

---

B) As mesmas terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

Segundo.- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 1952/2016. MARÍA MONSERRAT MICHELENA MIRANDA. LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por D<sup>a</sup>. María Monserrat Michelena Miranda para pintar exteriormente a fachada do inmovible de referencia catastral 3354804PJ1335S0001EO, sito na rúa Melitón Cortiñas, n.º 9 en Viveiro. Achega coa solicitude un presuposto no que se definen as actuacións como de lixado, emplastecido e pintura de portas e contras exteriores, balcones e fachada.

Visto o informe técnico favorable, asinado pola aparelladora da ofical municipal do casco antigo de Viveiro e conformado polo arquitecto municipal donde se sinala que a clasificación do solo é urbano consolidado. As obras a realizar son a preparación de carpintería exterior, cerraxería de balcones e pintado de fachada. Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística. Establécese a condición de que a cor da fachada deberá ser igual que a actual, así como o tratamento de carpintería exterior e cerraxería dos balcones. Maníftase no informe técnico que a obra non necesita autorización sectorial de Patrimonio.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmovibles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares



## **Concello de Viveiro**

---

características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza. Segundo se deduce do informe técnico obrante no expediente, non resulta preciso informe previo do órgano competente en materia de protección do patrimonio.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D<sup>a</sup>. Montserrat Michelena Miranda, licenza municipal para lixado, emplastecido e pintura de portas e contras exteriores, balcóns e fachada do inmovible de referencia catastral 3354804PJ1335S0001EO, sito na rúa Melitón Cortiñas, n.º 9, en Viveiro.

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) A cor de fachada deberá ser igual que a actual, así como o tratamento de carpintería exterior e cerraxería dos balcons.
- b) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- c) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.





## **Concello de Viveiro**

---

Terceiro.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 1956/2016.- ANTONIO PEDREIRA VAZQUEZ. LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Antonio Pedreira Vázquez para substitución de pizarra e cangos no inmovible de referencia catastral 3055607PJ1335N sito na rúa Rosalía de Castro, n.º 2, en Viveiro.

Consta no expediente unha resolución de 19 de abril de 2016 da xefa do servizo de coordinación da área cultural ditada por delegación da directora xeral de patrimonio cultural, autorizando as actuacións propostas toda vez que o inmovible atópase no contorno do conxunto arquitectónica da igrexa e convento de San Francisco, que ten a consideración de monumento (elemento declarado BIC). Esta resolución establece unha serie de condicionantes que se enumeran no informe técnico.

Visto o informe técnico favorable, asinado pola aparelladora da oficial municipal do casco antigo de Viveiro e conformado polo arquitecto municipal donde se sinala que a clasificación do solo é urbano consolidado. As obras a realizar son a substitución de pizarra e cango en cuberta. Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre canormativa urbanística. Establécese a condición de que a edificación donde se pretenden realizar as obras está no contorno de protección dos 100 metros da Conxunto arquitectónico da Igrexa e Convento de San Francisco (BIC). Precisando informe previo de carácter vinculante do órgano competente en materia de Patrimonio. Remiteuse expediente das obras a realizar en dito inmovible á Xefatura Territorial





## **Concello de Viveiro**

---

da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo para a súa autorización, con data 19 de abril de 2016, o expediente resolvese favorablemente cunha serie de condicionantes que a continuación se enumeran:

- A actuación cinguirase á substitución do entaboadado e lousa de acabado de cuberta. Non se poderá intervir na estrutura da edificación (muros de carga, cerchas, vigas, correas, pontons, etc) nin modificar o seu volume, configuración nin pendentes.

- A cuberta rematarase con lousa irregular do país.

- No caso de colocación de canlons e baixantes, estes serán de cinc ou cobre de sección semicircular e circular respectivamente.

- A actuación require do consentimento da comunidade de veciños e convertese en criterio a seguir no momento da substitución das restantes carpinterías exteriores da edificación.

Calquera outra actuación que exceda da descrita precisará da autorización da Consellería de Cultura.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), as intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable.



## Concello de Viveiro

---

-O inmovible sobre e que se pretende actuar atópase no contorno do conxunto arquitectónico da igrexa e convento de San Francisco, que ten a consideración de monumento (elemento declarado BIC) polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante; segundo se indica no apartado segundo de antecedentes, consta no expediente o informe favorable nesta materia.

- O informe dos servizos técnicos contén, en opinión da que subscribe, dous erros materiais que deberían ser subsanados, si ben non afectan á proposta de concesión da licenza que se formulará polas razóns que se indican:

O primeiro refírese á contradición relativa á necesidade ou non de informe sectorial de Patrimonio: mentres no punto 2.2 do informe da apareladora da oficina de rehabilitación do casco antigo se dí que “non necesita informe sectorial de Patrimonio”, no punto 2.7 (Varios) díse que “Precisando informe previo de carácter vinculante do órgano competente en materia de Patrimonio. Remiteuse expediente das obras a realizar...”

Como queda exposto no antecedente segundo do presente informe, no expediente consta o previo e preceptivo informe en materia de protección do patrimonio de carácter favorable.

O segundo erro material é o relativo ao orzamento declarado.

Segundo o detalle do orzamento achegado polo solicitante, a suma total das distintas partidas ascende a 9.900 euros, e non a 8.900 euros, importe declarado e sobre o que se practicou a autoliquidación dos tributos municipais. Ademáis do indicado, consta tamén na documentación do expediente un escrito asinado polo propio solicitante da licenza, Antonio Pedreira, no que fai unha valoración aproximada do custo das obras de 14.800 euros. En consecuencia, a xuízo da que subscribe, debería revisarse o orzamento declarado por parte dos servizos técnicos do Concello para os efectos de practicar unha liquidación complementaria de ser o caso.

Este aspecto, de contido tributario, non afecta á proposta de concesión da licenza solicitada, que unicamente analiza a adecuación da proposta á lexislación e planeamento urbanísticos.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Antonio Pedreira Vázquez, licenza municipal para substitución de pizarra e cangos no inmovible de referencia catastral 3055607PJ1335N sito na rúa Rosalía de Castro, n.º 2, en Viveiro, de acordo coa documentación que consta no expediente.



## Concello de Viveiro

---

A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- A actuación cinguirase á substitución do entaboado e lousa de acabado de cuberta. Non se poderá intervir na estrutura da edificación (muros de carga, cerchas, vigas, correas, pontons, etc) nin modificar o seu volume, configuración nin pendentes.
- A cuberta rematarase con lousa irregular do país.
- No caso de colocación de canlons e baixantes, estes serán de cinc ou cobre de sección semicircular e circular respectivamente.
- Calquera outra actuación que exceda da descrita, precisará da autorización da Consellería de Cultura.
- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería aos efectos do sinalado no informe da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo respecto ao orzamento declarado.

### **EXPTE. 1979/2016. AMALIA PÉREZ TIMIRAOS. LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por D<sup>a</sup>. Amalia Pérez Timiraos para reformar baño no inmovible sito na rúa Almirante Chicarro, 46, en Viveiro, de referencia catastral 3353926PJ1335S0002OP, achegando coa solicitude un presupuesto de Carmelo Casas y Obras, S.L. de fecha 18 de agosto de 2016,



## **Concello de Viveiro**

---

cun orzamento de execución material de 2.970 euros e xustificante do aboamento dos tributos municipais correspondente (ingresados na mesma data.

A mesma interesada presentou escrito, rexistrado de entrada no Concello de Viveiro o 11 de outubro de 2016, achegando un novo presuposto das obras a executar (da mesma mercantil, datado o 30 de setembro de 2016) coincidente co achegado coa solicitude agás as partidas 1,03-apertura oco para fiestra- e 1,07 -fiestra PVC similar 1º piso- cun orzamento de 2.120 euros.), no que ademais solicita a devolución dos tributos autoliquidados correspondente ás partidas suprimidas.

Visto o informe técnico favorable, asinado pola aparelladora da oficial municipal do casco antigo de Viveiro e conformado polo arquitecto municipal donde se sinalan os seguintes antecedentes:

- Con data 29 de agosto de 2016, solicitase licencia de obra municipal para arranxo de cuarto de baño, así como apertura de oco de fiestra.
- Indicaselle á propiedade a necesidade de tramitar ante Patrimonio o permiso das obras.
- Con data 11 de outubro de 2016, recíbese escrito da solicitante indicando o desestimento da apertura da fiestra e presentando novo orzamento sen a partida antes sinalada, polo que xa non é perceptivo o informe de Patrimonio Cultural, sinalándose que non se necesita para estas obras informe sectorial de Patrimonio.

Así mesmo o antedito informe sinala que a clasificación do solo é urbano consolidado. As obras a realizar son arranxo de cuarto de baño, consistente en: substitución de alicatados e solados, instalación de fontanería, instalación de electricidade. Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística.

Emitiuse tamén outro informe pola aparelladora da Oficina de rehabilitación, datado o 24 de outubro de 2016, indicando que o orzamento final (modificado) das obras a autorizar é de 2.120 euros, que contén unha proposta de devolución da parte proporcional da obra que non se executa.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

(PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza. Segundo se manifesta no informe técnico obrante no expediente, non resulta preciso informe previo do órgano competente en materia de protección do patrimonio.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI. De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D<sup>ª</sup>. Amalia Pérez Timiraos, licenza municipal para reformar baño no inmovible sito na rúa Almirante Chicarro, 46, en Viveiro, de referencia catastral 3353926PJ1335S0002OP, de acordo coa descrición contida no novo presuposto das obras a executar, de fecha 30 de setembro de 2016.

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- b) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa



## **Concello de Viveiro**

---

solicitud expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e ao Departamento de Tesourería os efectos de devolver á interesada a parte correspondente á minoración do orzamento de execución material, si procede, previa a tramitación do procedemento correspondente.

### **EXPTE. 2246/2016.- FRANCISCO MAYO SAMPEDRO. LICENZA DE OBRA**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Francisco Mayo Sampedro, para acondicionamento da cuberta (cambio de tella por lousa) do inmovible sito na avda de Cervantes, 14-16 no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3456101PJ1335N.

En data 5 de outubro de 2016 o interesado achegou a seguinte documentación: Memoria valorada das obras de substitución de tella de cuberta por lousa no antedito inmovible, estudo básico de seguridade e saúde, asinada polo arquitecto técnico Luis Rodríguez Díaz e oficio de dirección de execución de obra a favor do citado facultativo.

O 18 de agosto de 2016 tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Viveiro a resolución de 10 de agosto de 2016 da xefa do servizo de coordinación da área cultural ditada por delegación da directora xeral de patrimonio cultural, autorizando as actuacións propostas toda vez que o inmovible atópase no contorno de protección do conxunto arquitectónico da igrexa e convento de San Francisco, que ten a consideración de monumento (elemento declarado BIC).

Visto o informe técnico favorable, asinado pola aparelladora da oficial municipal do casco antigo de Viveiro e conformado polo arquitecto municipal, no que sinala que a clasificación do solo é urbano consolidado. As obras a realizar son substitución de acabado de cuberta de tella por lousa, colocación de lámina impermeable e illante térmico, substitución de canlons e baixantes de PVC por outros de aluminio. Segundo a documentación presentada, as obras que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística. Establécese a condición de que a edificación donde se pretenden realizar as obras está no contorno de protección dos 50 metros da Igrexa



## **Concello de Viveiro**

---

Convento de San Francisco (BIC). Precisando informe previo de carácter vinculante do órgano competente en materia de Patrimonio. Remiteuse expediente das obras a realizar en dito inmovible á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo para a súa autorización, con data 10 de agosto de 2016, o expediente resolvese favorablemente.

Visto o informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que

Consta no expediente o preceptivo informe técnico de conformidade das actuacións solicitadas coa legalidade urbanística.

Maniféstase pola técnico xurídico que advirtíu as seguintes discrepancias na documentación sometida a informe e proposta de resolución respecto ao orzamento das obras:

a) Segundo a solicitude de licenza urbanística presentada o 8 de setembro de 2016 polo interesado para “Cambio de cuberta de tella a lousa”, o orzamento de execución material das obras é de 34,190 euros, contía sobre a que se practicou a autoliquidación provisional e se fixo o ingreso dos tributos municipais. Esta contía é coincidente co orzamento de execución material (excluído IVA) presentado polo mesmo interesado para tramitar a solicitude de autorización sectorial en materia de protección do patrimonio (presuposto do construtor José Angel Ares Lopez, de 21 de xaneiro de 2016)

b) O orzamento de execución material segundo a Memoria Valorada “para substitución de teja de cuberta por pizarra”, achegada polo solicitante o 5 de outubro de 2016, é de 23,689,08 euros; este é o orzamento que foi conformado polo informe técnico.

Existe unha diferenza entre os dous orzamentos de 10,501,92 euros (que representa o 31% do orzamento declarado e autoliquidado), que debería ser obxecto de revisión por parte dos servizos técnicos municipais por canto, daría lugar a unha devolución de ingresos indebidos.

Así mesmo, no informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, sinalase que:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), as intervencións en inmoibles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma





## **Concello de Viveiro**

---

Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

